

# GUÍA DIDÁCTICA PARA TRABALLAR A NECESIDADE DE COMPARTIR E A SOLUCIÓN DO CONFLICTO CANDO SE QUERE UNHA MESMA COUSA

Infantil e 1º ciclo de primaria

Filme: **DINER FOR TWO (COMIDA PARA DOS)**.  
The National Film Board of Canada

**1ª sesión:**

**1º Explicación inicial:**

Vamos a ver un filme que dura uns 8 minutos e que trata de cousas que pasan na escola e tamén fóra da escola. A cada un doulle un papel para que cando remate o filme e sen falar nada **DEBUXE AQUELO QUEMÁIS LLE CHAMOU A ATENCIÓN**. Os de segundo curso poden poñer un título e escribir unha liña.

**2º Ver o filme.**

**3º Debuxar na folla aquilo que máis vos chamou a atención:**

Agora, en silencio, debuxade algo do que pasa no filme. Cando acabedes falamos todos d a película. Recollemos os papeis.

**4º Falar sobre o filme inculcando a necesidade de compartir as cousas, vendo que o enfado e o pegar non solucionan as cousas senón que as empeoran a nivel social de relación cos outros.**

(pódese facer xa na aula)


**Proposta de diálogo:**

Que nenos pensan que acaba ben o filme? Ir dando as razóns.

Como podería acabar mal?

Fixámonos neste debuxo (pódese debuxar no encerado mentras se fala).

Así acaba o filme? Todos están contentos?



Que os gustou máis?  
Que os gustou menos?  
Que personaxes se ven? . Sabedes como se chamán?  
Onde están? É polo día ou pola noite? . Que están facendo?  
Que sucede cando os dous collen a mosca que parece unha ovella?  
Os outros personaxes que fan cando están a pelexar pola mosca?  
Que sucede cando se golpean? . Cando inician a pelexa a golpes?  
Que comportamentos se ven? (Pódense ir escribindo no encerado: pegar, roubar, insultar, repartir, ceder, ser amable, axudar...)  
Intentar comprender que algúns son comportamentos de maltrato (pelexar, insultar...)e que a cada un de nos non nos gustaría que nos sucedera. Poñerse no lugar da vítima.  
Como se sinten os personaxes nos diferntes momentos?  
Como se sinten cando estan a pelexar?  
Como se sinten cando son capaces de repartir?  
Que se sinten os que están vendo a pelexa?  
En que momento se axudan?  
Como se sinten despois de axudarse, cando se liberaron dos perigos dos cocodrilos e a serpe?  
Que fai a ra cando colle a mosca de forma de ovella? . Que lles ensina?  
Repartir, e ser amable, crea molestias ou malestar?  
Se logra vencer un e comer a mosca el? . Como se sentiría? . E o outro?  
(Os pequenos teñen que chegar a comprender que tanto na escola como fóra é mellor compartir as cousas que pelexarse por elas dadas as consecuencias)  
Que se pode facer co neno que non comparte e empuxa, ameaza, pega,...?  
(É importante que cheguen a conductas axeitadas de reparto e a “castigos” relacionados con axudar, compartir, poñerse no sitio do outro...)

### **Considerades certa esta afirmación?**

CULPABILIZAR AO QUE NON COMPARTE, SE PELEXA E AGREDE, E FACER NOS COMO FAI EL, NON SOLUCIONA O PROBLEMA.

SOLUCIÓN:

1.....

2.....

3.....

ETC.

(Podemos escribilas, e recordalas de cando en cando)

Podemos traballar en diferentes momentos e analizando diferentes situacións que se producen na escola.